CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O CINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO**

O 5 de febreiro de 2025, ás 19:30 h, reuniuse na sala de sesións o Pleno do Concello en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria

**ASISTENTES:**

**Presidente**
José Manuel Mato Martinez

**Concelleiras/os:**

**Partido Popular (PP)**
María Josefa Álvarez Bugallo
Constantino Fernández Vila
José Luis Pena Romay (incorpórase ás 19:34 h)

**Partido PSdeG-PSOE**
Xosé Lois García Carballido
Noelia María Varela Suárez
José Manuel Nuñel Costa
Consuelo Martínez Lema

**Partido Galego (PG)**
Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

**Agrupación de electores Adiante por Ponteceso**
Roberto Alexandre Andrade de Santiago

**Bloque Nacionalista Galego**
Fátima Rodríguez Gonzálvez

**APIN-ESCO**
José Manuel Pose Verdes

**Secretaria:** Antía Pena Dorado
**Interventora**: María Emilia García Maneiro

O presidente abre a sesión despois de comprobar que o quórum é conforme co artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**1 Parte resolutiva**

**1.1 Aprobación das actas das sesión do 20 de novembro de 2024 e do 13 de xaneiro de 2025**

O presidente pregúntalles ás concelleiras e os concelleiros que están presentes se queren facer

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

algunha achega.
Non hai achegas.
As concelleiras e os concelleiros que están presentes aproban por unanimidade as actas das sesións do 20 de novembro de 2024 e do 13 de xaneiro de 2025.

**1.2 Expediente 2024/G006/000057. Proposta de aprobación do ditame de desestimación das alegacións que presentou Ramón Pasandín Regueira no expediente de revisión de oficio ante adenuncia efectuada por Ángel Santiago Suárez Baneira por obras de rehabilitación dunha vivenda na rúa dos Condes, Corme Porto**

A secretaria le a proposta.

“**PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA PLENO**

**CONTESTACIÓN AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR RAMÓN PASANDÍN REGUEIRA FRENTE O ACORDO DE INCOACIÓN DA REVISIÓN DE OFICIO ANTE A DENUNCIA EFECTUADA POR ANGEL SANTIAGO SUÁREZ BANEIRA**
**EXPTE. 2019/U004/000057**

O 27/09/2023 Angel Santiago Súarez Baneira en relación as denuncias urbanísticas contra os propietarios da parcela con ref. catastral: 3006240NH0930N0001IE, solicita que polo técnico municipal se xire urxentemente unha nova visita de inspección e se comprobe o estado das obras executadas, e se proceda a informar sobre si o proxecto e as obras executadas se axustan a legalidade urbanística, dando conta dos incumprimentos urbanísticos previamente denunciados, así como todos aqueles incumprimentos que se aprecien na inspección que se realice, solicitando que de traslado a esta parte do informe que este emita e se proceda a incoar o correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística e estar presente na visita a ditas obras.

O 23/01/2024 D. Angel Santiago Súarez Baneira achega informe urbanístico sobre as obras na vivenda unifamiliar emprazada en Bo Fontiña, Corme-Porto, con ref. catastrais: 3006240NH0930N0001IE, redactado polo arquitecto D. David Vázquez González, Colexiado COAG nº 3393 formulando novamente denuncia urbanística en base as infraccións detalladas no informe pericial e interesando que se proceda por parte do Concello a apertura do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística.

O 27.05.2024 o técnico municipal Ernesto Fernando Calvo Pérez emite informe no que conclúe o seguinte :

“ 1.- Cuarto.- Do análises do Proxecto Básico, do Proxecto de Execución e da inspección realizada á obra finalmente executada, o técnico redactor do presente informe conclúe *O título habilitante de comunicación previa de obras menores do ano 2015 (código de obra ME107/2015) para o* ***cambio de material de cuberta, encintado de paredes, arranxo de muro posterior e cambio de dúas ventas e porta para o acceso dunha vivenda unifamiliar, non habilitaba a execución do cambio da envolvente da edificación orixinal realizada, as cales consistiron na:***

***- Demolición da cuberta a dúas augas existentes.***
***- Execución dun forxado na planta primeira.***
***- Execución dunha soleira na planta baixa con “caviti”.***
***- Novas distribución interiores.***
***- Modificación das fachadas.***

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*Polo tanto, entre outubro de 2015, cando se solicitou a Comunicación Previa de obras menores, e setembro de 2016, data do visado do proxecto técnico, executáronse unhas obras que excederon o alcance do título habilitante; para as que non se solicitou a correspondente licenza urbanística municipal e polo tanto executados os actos de edificación e uso do solo sen control municipal.* ***Acreditado na Memoria do Proxecto Técnico aportado polo promotor na súa solicitude de licenza en novembro de 2016****.*

*Segundo o Proxecto Básico de Rehabilitación da vivenda unifamiliar redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva, os redactores encontráronse coa seguinte herdanza:*

*La vivenda original ha sido "enmascarada" por una nueva envolvente en la que ya existen soluciones consistentes en: nuevo cerramiento de hormigón y tabiquería, nueva estructura de pilares de hormigón que complementan la existente de muros de mampostería, en la zona este se ha procedido a ejecutar un muro de contención y se ha saneado la zona, se ha ejecutado el solado de la planta inferior incluyendo "cavitis", y se han adoptado otras decisiones y actuaciones que han modificaco totalmente el estado inicial (ruinoso) de la vivenda.*
*El sistema estructural y las preexistencias se reflejan en la documentación gráfica, de las cuales no tenemos datos técnicos.*

*2- Ampliouse a superficie orixinal de planta baixa de 73,00 m² (segundo Catastro), 78,00 m2 (segundo Proxecto) a 84,20 m2 (segundo recente medición "in situ").*

*Segundo o Proxecto Básico de Rehabilitación da vivenda unifamiliar redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva:*

*Es de especial importancia el destacar que la vivenda inicial afectada por este plan (PXOM) es actualmente practicamente inexistente, por lo tanto se ha desarrolado el prpyecto partiendo de la nueva realidad con la que nos encontramos, lo cual supone una necesaria revisión de los paramentos que la influyen. Tomamos como nuestros los puntos de especial consideración reflejados en el apartado 5: condiciones especiales para atipología , las cuales resaltan la necesidad de recuperar y mejorar los "rueiros", en especial el punto que habla de necesarias "demoliciones de elementos agresivos co entorno", así pues se procederá a la demolición de la tabiquería de la planta superior y sus cerramientos existentes, ya que conducen a una imagen de "feismo"que queremos evitar.*
*Así mismo se proyecta una nueva geometría, eliminando los elementos que son claramente ajenos al entorno.*
*Volumetricamente se opta por un paralelepipedo que dialogue con sus más próximos vecinos, tanto en escala como en volumne, sin elementos agresivos.*
*La intención es que la pieza se integre en la realidad que la envuelve de la manera más coherente y honesta posible.*
*...*
*La vivenda se desarrolla en dos plantas, modifica ligeramente la geometría existente en la vivenda inicial para adaptarse mejor a la parcela y para lograr una relación mayor con el exterior.*

*3-* ***Executouse a elevación en altura dunha planta respecto a altura orixinal da vivenda. Aínda que non se dispón da medida en altura previa, a foto recollida do PNOA de 2010 e 2014, a ficha catastral actual e o reportaxe fotográfico que se adxunta demostra a elevación da vivenda preexistente "á data de aprobación do PXOM" de (B) – (I Planta) a altura final de (B+1P) de 6,10 m (II Plantas).***

*4- O Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación da vivenda unifamiliar redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva, constitúe realmente unha obra na que produce unha variación esencial da composición xeral exterior da vivenda,* ***variando as súa volumetría e en xeral o conxunto do seu sistema estrutural. Asemade, proxectan obras de ampliación e de reestruturación xeral, ampliando a edificación preexistente, incrementando a súa ocupación, a súa edificabilidade e os volumes construídos sobre a parcela.***

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*OBRAS DE AMPLIACIÓN: son aquelas obras, nunha edificación existente, nas que se incrementa a ocupación ou o volume construídos.*
*OBRAS DE REESTRUTURACIÓN: son aquelas obras de rehabilitación dunha edificación que melloran as súas condicións de seguridade, salubridade, habitabilidade, de confort e ornato, modificando a súa distribución e alterando as súas características morfolóxicas e a distribución interna.*
*- Reestruturación parcial: aquelas obras que inclúen algún dos seguintes tipos:*
** Construción de entresollados.*
** Cubrición e forxado de patios pechados de dimensións inferiores ao 50% das establecidas na ordenanza que o autorice.*
** Demolición e nova construción de núcleos de comunicación vertical.*
** Substitución ou reposición de elementos ou zonas de forxados ou piares illados*
** Apertura de patios ou incremento do espazo libre de parcela, de acordo coas dimensións establecidas pola norma zonal de aplicación para edificios non catalogados.*
** Reposición da estrutura ou dos elementos da cuberta.*
*- Reestruturación xeral: terán este carácter todas aquelas obras nos edificios que excedan do anteriormente exposto; serán consideradas de reestruturación total no caso de baleirado do edificio con mantemento de fachada a vía ou a espazo libre de uso público, ou do seu desmontado e reconstrución.*

*Segundo o Proxecto Básico de Rehabilitación da vivenda unifamiliar redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva, a idea básica do novo proxecto parte da obsesión de este equipo de deseño:*

*Por dar coherencia a todas estas actuaciones existentes. El aspecto actual de la vivenda es poco adecuado, la vivenda inicial ha sido "fagotizada" por la nueva realidad, de ahí surge la idea del proyecto consistente en una nueva envolvente que otorgue unidad y coherencia al conjunto y que se integre en un entorno claramente desestructurado.*
*La vivenda se desarrolla en dos plantas, modifica ligeramente la geometría existente en la vivenda inicial para adaptarse mejor a la parcela y para lograr una relación mayor con el exterior.*
*La envolvente se ha pensado como un elemento ligero a base de celosias que permitan la misma relación exterior – interior posible.*
*La estructura se aligera (en la pllnata alta para ser metálica) en consonancia con esta nueva idea de volumen liviano que queremos conseguir.*

*5- Segundo o Artigo 6.2.3 do PXOM. Punto 5.- CONDICIÓNS ESPECIAIS PARA A TIPOLOXÍA B): O espírito da ordenanza SU-3b é o de conservación, recuperación e mellora dos rueiros tradicionais de carácter urbano.*

***O artigo determina como primeira medida a conxelación de todo aumento nas condicións de volume, altura e ocupación das parcelas edificadas, porén a vivenda preexistente á data de aprobación do PXOM foi alterada e incrementada en ditas condicións (volume, altura e ocupación), sen respectar as determinacións establecidas. Aumentando a ocupación de 73,00 m² (segundo Catastro), 78,00 m2 (segundo Proxecto) a 84,20 m2 (segundo recente medición "in situ") e aumentando a altura de (B) - (I Planta) a altura final de (B+1P) de 6,10 m (II Plantas). Non podéndose determinar "trala visita" os fondos orixinais da edificación por permanecer ocultos, o que obriga a que se teñan que realizar unhas aperturas laterais no terreo "catas" co fin de identificar os muros de mampostería orixinais a efectos de valorar si se manteñen ou non os recuamentos obrigatorios establecidos polo PXOM.***

***As actuacións levadas a cabo na vivenda afectada pola ordenanza SU-3b desenvolvéronse antes da solicitude da licenza de obras de Reforma/Consolidación para a Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar de data 11/11/2016 sen o obrigatorio proxecto técnico, que analizará dende o punto de vista tipolóxico, construtivo, histórico, etc. a edificación existente. Seguidamente, o Proxecto redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva foi elaborado sen remontarse a situación inicial ou orixinal da vivenda e sen realizar unha valoración que corrixa***

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

***os procesos de transformación e de deterioro executados a partir do título habilitante de comunicación previa de obras menores do ano 2015.***

*En dito estudo o Proxecto debía recoñecer as partes integrantes do edificio que se consideraban orixinais, diferenciándoas da que sufriran transformacións, indicando en que grao se desfiguraron ou perderon as partes ou a totalidade da estrutura xeral do edificio (volume, cerramentos, escaleira, etc.).*

*En consonancia con esta análise deberase haber presentado unha proposta xustificativa de intervención, de conformidade coas determinacións do artigo, que fora encamiñada a conseguilos seguintes obxectivos:*

- *Recuperación da escala e volumetría, en consonancia co entorno máis inmediato.*
- *Conservación e recuperación de materiais e técnicas construtivas tradicionais ao propio edificio.*
- *Demolición, se fora o caso, de edificios fora de ordenación que se presenten agresivos ao entorno co fin de volver a edificar de acordo á nova ordenación.*
- *Recuperación dos espazos libres privados destinados a hortas e xardíns, e que paulatinamente foron ocupados por anexos á edificación tradicional.*
- *Evitar a perda, xa sexa por abandono, deterioro ou demolición de edificación ou elementos de carácter tradicional.*

*Neste sentido prohíbese a demolición de elementos tradicionais, coa excepción de que a través de informe técnico municipal se xustifique por motivos de seguridade.*

*6- O Proxecto redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva non recupera os orixes tradicionais da vivenda; o volume, altura e ocupación da edificación existente á data de aprobación do PXOM. A proposta presentada correspondese cunha arquitectura contemporánea que reúne estilos arquitectónicos actuáis, rompendo coa arquitectura tradicional do entorno e do rueiro. Non cumpríndose taxativamente as determinacións do Artigo 6.2.3 do PXOM, Punto 5.- CONDICIÓNS ESPECIAIS PARA A TIPOLOXÍA B.*

*7- En base aos datos cartográficos que se puideron observar, a edificación sempre dispuxo dun acceso á mesma. Este acceso é coincidente co vial público sinalado nos planos correspondentes da PXOM actualmente vixente. Aínda que o estado do vial, tanto desde o punto de vista de conservación do pavimento como da súa anchura, non é o óptimo desexable; tendo en cuenta a escaseza de recursos dos que dispón un municipio como o de Ponteceso, iso non quere dicir que non deixa de ser similar e comparable a outras rúas pertencentes á malla urbana do núcleo de carácter mariñeiro de Corme-Porto. Á xuízo do técnico informante pódese afirmar que o único acceso ao citado inmoble sempre se realizou a través do vial sinalado no catastro e no PXOM; tendo en cuenta de que non hai vestixios nin posibilidades fidedignos de acceder doutra banda, tal e como se pode comprobar en base á cartografía, á realidade das fincas lindeiras e á documentación fotográfica existente.*

*8-* ***O anexo ou edificación complementaria de 12,00 m2 sita ao oeste da parcela é de nova construción, superando as condicións de volume, altura e ocupación da parcela edificada; sendo unha construción executada con posterioridade á data de aprobación do PXOM. As obras carecen de titulo habilitante de natureza urbanística e non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.***

*Quinto.- As persoas responsables das obras:*
*Promotores: D. Ramón Pasandín Regueira e Dona. Montserrat Oreiro Fuentes.*
*Construtor: Barca - Domínguez, S.L.*
*Arquitectos: D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva.*
*Arquitecto Técnico: D. Indalecio José Armán Barcia.*

*Sexto.- A edificación principal esta sendo habitada, aínda que as obras están paralizadas e sen rematar.*

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*Sétimo.- Se adxunta a este informe, reportaxe fotográfico do estado orixinal da vivenda, das obras de reforma, das obras de ampliación e do estado actual das construcións.*

*Conclusións:*

***A licenza urbanística non se axusta ao Ordenamento Urbanístico vixente no momento en que se solicitou, incumprindo as obras executadas as determinacións da Ordenanza específica de aplicación SU-3b, Edificación agrupada. Rueiro Tradicional. Artigo 6.2.3 do PXOM, reflectidas nos puntos 3ero e 4to do presente informe técnico.***

***Así pois, procede iniciar a revisión de oficio da licenza, de conformidade ao art. 154. Suspensión e revisión de licenzas da LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e conseguintemente, a suspensión inmediata das obras iniciadas ao seu abeiro, segundo o art. 108 da LEI 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que iniciado o procedemento de revisión de oficio ao que se refiren os artigos 106 e 107, o órgano competente para declarar a nulidade ou lesividad, poderá suspender a execución do acto, cando esta puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación."***

O 29.10.2024 Miguel Fernández Saavedra en representación de Angel Santiago Súarez Baneira formula nova denuncia urbanística requerindo o incio do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Logo de ver o informe xurídico da secretaria municipal do 11.11.2024 no que " conclúe que a proposta a someter ao Consello Consultivo de Galicia será a declaración de nulidade de pleno dereito, ao concorrer a causa prevista no art. 47.1 f) da LPAC, da licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno local do 26.12.2016 a D. Ramón Pasandín Regueira para Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na Rúa dos Condes, segundo o recollido no Proxecto Básico redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva, visado polo correspondente Colexio Oficial o 26/10/2016, tendo en conta os criterios técnicos establecidos no informe técnico do 27.05.2024.
Procede igualmente suspender inmediatamente ás obras e os usos de conformidade co artigo 154 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 108 da LPAC."

O 20.11.2024 O Pleno do Concello adoptou o seguinte acordo:
" *Primeiro. Incoar o expediente de revisión de oficio conforme o informe técnico de 27.05.2024 e o informe da secretaria municipal.*
*Segundo . Acordar a suspensión inmediata das obras e usos conforme o artigo 154 da LSG e 108 da LPAC*
*Terceiro: Dar un prazo de audiencia de 15 días hábiles aos interesados para que presenten as reclamacións e alegacións oportunas. No caso de non presentarse alegacións remitir a Consello Consultivo de Galicia a proposta da declaración de nulidade da licencia conforme informe da secretaria municipal do 11.11.2024, ao concorrer a causa prevista no art. 47.1 f) da LPAC, da licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno local do 26.12.2016 a D. Ramón Pasandín Regueira para Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na Rúa dos Condes, segundo o recollido no Proxecto Básico redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva, visado polo correspondente Colexio Oficial o 26/10/2016, tendo en conta os criterios técnicos establecidos no informe técnico do 27.05.2024.*
*Cuarto. Notificar aos interesados*"

O acordo foi notificado o 27.11.2024 aos interesados.

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

D. Ramón Pasandín Regueira achega escrito de alegacións ao expediente 2019/U004/000057, polo acordo do Pleno do Concello de data 20 de novembro de 2024 de incoar expediente de revisión de oficio da licenza outorgada ao comparecente pola Xunta de Goberno Local en data 26 de decembro de 2016 para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Rúa dous Condes "conforme ou informe técnico de 27.05.2024 e o informe da secretaria municipal", coa asistencia letrada de D. Alfredo Cerezales Fernández, no que se adxunta informe acerca do proxecto de rehabilitación de vivenda en rúa dous Condes, Corme, Ponteceso, A Coruña, sobre a situación de partida, a formulación da proposta, o desenvolvemento da obra, o estado actual e a súa relación co proxecto, redactada polos a Arquitectos Dona. Marta Vázquez Silva e D. José López Rodríguez.

Logo de ver o informe técnico do 21.01.2025 no que se conclúe: "*Vistas as alegacións achegadas por D. Ramón Pasandín Regueira, en data 17/12/2024, o técnico municipal do servizo de urbanismo ratifica o seu informe redactado o día 27/05/2024, o cal conclúe: A licenza urbanística non se axusta ao Ordenamento Urbanístico vixente no momento en que se solicitou, incumprindo as obras executadas as determinacións da Ordenanza específica de aplicación SU-3b, Edificación agrupada. Rueiro Tradicional. Artigo 6.2.3 do PXOM, reflectidas nos puntos 3ero e 4to do presente informe técnico. Así pois, procede iniciar a revisión de oficio da licenza, de conformidade ao art. 154. Suspensión e revisión de licenzas da LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e conseguintemente, a suspensión inmediata das obras iniciadas ao seu abeiro, segundo o art. 108 da LEI 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que iniciado o procedemento de revisión de oficio ao que se refiren os artigos 106 e 107, o órgano competente para declarar a nulidade ou lesividad, poderá suspender a execución do acto, cando esta puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación*."

Logo de ver o informe da secretaria municipal do 24.01.2025 que conclúe "Á vista do exposto, ratifico a proposta de someter ao Consello Consultivo de Galicia a declaración de nulidade de pleno dereito, ao concorrer a causa prevista no art. 47.1 f) da LPAC, da licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno local do 26.12.2016 a D. Ramón Pasandín Regueira para Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na Rúa dos Condes, segundo o recollido no Proxecto Básico redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva, visado polo correspondente Colexio Oficial o 26/10/2016, tendo en conta os criterios técnicos establecidos no informe técnico do 27.05.2024. e 21.01.2024
Procede igualmente suspender inmediatamente ás obras e os usos de conformidade co artigo 154 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 108 da LPAC."

Considerando o establecido nos artigos 154 da LSG , 385 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro , polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, así como o establecido o na Lei 39/2015 de Procedemento administrativo común.

Tendo en conta a sentenza do 13.12.2022 (Recurso 4472/2020):do Tribunal Supremo pronunciouse sobre esta cuestión en casación para a unificación da doutrina establecendo que o "órgano competente para conocer de las revisiones de actos nulos de pleno derecho de los Presidentes de las Corporaciones Locales de régimen común es el Pleno del Ayuntamiento."

**Propoño resolver, previo ditame da Comisión Informativa:**

Primeiro. Desestimar as alegacións presentadas por Ramón Pasandín Regueira conforme os informes emitidos polo técnico municipal o 21.01.2025 e a secretaria municipal do 24.01.2025

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Segundo: Remitir ao Consello Consultivo de Galicia a proposta da declaración de nulidade da licencia conforme informe da secretaria municipal do 11.11.2024 e 24.01.2024, ao concorrer a causa prevista no art. 47.1 f) da LPAC, da licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno local do 26.12.2016 a D. Ramón Pasandín Regueira para Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na Rúa dos Condes, segundo o recollido no Proxecto Básico redactado polos Arquitectos D. José López Rodríguez e Dona. Marta Vázquez Silva, visado polo correspondente Colexio Oficial o 26/10/2016, tendo en conta os criterios técnicos establecidos no informe técnico do 27.05.2024 e 22.01.2025

Terceiro. Notificar aos interesados

O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez"

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:
5df4f2227d0f95d1f6a43e115a84438430528d6ffa1974885a86f08cb6376139

Non hai máis debate.

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou a favor na sesión do 31 de xaneiro de 2025.
O Pleno do Concello aproba o ditame por sete votos a favor (4 do PP, 2 do PG, e 1 de AxP) e 6 abstencións (4 do do PsdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

**1.3 Expediente 2024/A008/000038. Proposta de aprobación do ditame de solicitude de participación no POS+2025**

O alcalde le a proposta.

"**PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA O PLENO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) <<POS+ 2025>>**

A Deputación Provincial de A Coruña aprobou Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2025 cos obxectos: gasto corrente, realización de investimentos, gastos sociais e Plan Complementario.

Ao Concello de Ponteceso correspóndenlle 706.576,27 €, os cales se financian coas seguintes achegas e importes:

- Achega provincial 2025: 358.561,09 €

- Achega provincial 2024: 348.015,18 €

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Neste POS+ 2025 o concello pode destinar ó financiamento dos seus gastos correntes, tanto a achega provincial 2025 como a achega provincial 2024.

O importe mínimo do Plan Complementario que os concellos teñen que presentar no POS+ 2025 é do 25% da achega provincial 2025, polo que se incluiron estes dous investimentos:

**1) Mellora da capa de rodadura dos camiños na Gándara-Palás (Parroquia de Tella), cun orzamento de contrata de 48.353,04 €**

**2) Mellora da capa de rodadura na Campara e na Bouza, cun orzamento de contrata de 41.287,23 €**

Constan no expediente a seguinte documentación sobre o Gasto Corrente e sobre os 2 investimentos do Plan Complementario:

a) Anexos V-Informes técnicos redactados polo arquitecto técnico municipal e asinados o 15/01/2025.

b) Resolución da Alcaldía número 19/2025, do 20 de xaneiro, de non dividir en lotes.

c) Anexos VI-Informe xurídicos redactados pola secretaria municipal e asinados o 21/01/2025.

d) Anexos VII-Memorias Económicas redactadas polo alcalde e asinadas o 21/01/2025.

e) Anexos VIII-Informes redactados pola interventora municipal e asinados o 22/01/2025.

f) Anexo III- Informe redactado pola interventora municipal do gasto corrente e asinado o 28/01/2025.

g) Memoria do Plan asinada polo alcalde o 28/01/2025.

Visto que prazo de solicitude do POS + 2025 remata o 07/02/2025 ás 15:00 horas.

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) «POS+ 2025»** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á «achega provincial 2025» e con cargo á «achega provincial 2024»:

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:**

| | Deputación |
|---|---|

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

| | |
|---|---|
| Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 358.561,09 € |
| Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 348.015,18 € |
| **Subtotal gasto corrente** | 706.576,27 € |

**B ) Financiamento de investimentos:**

| ACHEGA PROVINCIAL 2025 | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Concello | | | |
| Denominación da obra ou da subministración | Deputación | Achega municipal | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable) | Total Concello | Orzamento total |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| Subtotal investimentos achega provincial 2025 | 0.- € | 0.- € | 0.- € | 0.- € | 0.- € |

| ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles) | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Concello | | | |
| Denominación da obra ou da subministración | Deputación | Achega municipal | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable) | Total Concello | Orzamento total |
| | | | | | |
| | | | | | |
| Subtotal investimentos achega provincial 2024 | 0.- € | 0.- € | 0.- € | 0.- € | 0.- € |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## C) Resumo:

| | | | Concello | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **POS+ 2025<br>RESUMO DE FINANCIAMENTO** | | **Deputación** | **Concello** | **IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)** | **Total concello** | **Orzamento Total** |
| **A- GASTOS CORRENTES** | **Achega 2025** | 358.561,09 € | | | | 358.561,09 € |
| | **Achega 2024** | 348.015,18 € | | | | 348.015,18 € |
| **B- INVESTIMENTOS** | **Achega 2025** | 0.- € | 0.- € | 0.- € | 0.- € | 0.- € |
| | **Achega 2024** | 0.- € | 0.- € | 0.- € | 0.- € | 0.- € |
| **C- TOTAL** | **Achega 2025** | 358.561,09 € | | | | 358.561,09 € |
| | **Achega 2024** | 348.015,18 € | | | | 348.015,18 € |
| | **TOTAL** | 706.576,27 € | | | | 706.576,27 € |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| **Denominación dos investimentos financeiramente sostibles**<br><br>**(mínimo do 25% da achega provincial 2025)** | **(A)<br>Orzamento de contrata** | **(B)<br>IVE soportado deducible**<br>**(encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)** | **(C) = A-B<br>Orzamento subvencionable**<br>**(Diferenza entre a columna A e a B)** |
|---|---|---|---|
| Mellora da capa de rodadura dos camiños na Gándara-Palás (Tella) | 48.353,04 € | 0 € | 48.353,04 € |
| Mellora da capa de rodadura na Campara e na Bouza | 41.287,23 € | 0 € | 41.287,23 € |
| | | | |
| **TOTAIS** | 89.640,27 € | 0 € | 89.640,27 € |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do investimento: Mellora da capa de rodadura dos camiños na Gándara-Palás (Tella).

Con respecto á actuación: Mellora da capa de rodadura na Campara e na Bouza, no Camiño de Bouza (Parroquia de Cospindo).- Os terreos necesarios para a execución do investimento sitúanse principalmente dentro dos actuais viais pertencentes ao sistema local da rede viaria municipal. Porén, para a execución das obras é necesario contar con algunhas das propiedades situadas a ámbolos lados do camiño ao longo do seu traxecto, fora do trazado da pista pública, polo que deberá obterse a cesión e dispoñibilidade destes.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ponteceso, 28 de xaneiro de 2025/ O alcalde/ (Asinado dixitalmente)/ José Manuel Mato Martínez”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:
5df4f2227d0f95d1f6a43e115a84438430528d6ffa1974885a86f08cb6376139

Non hai máis debate.

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou a favor na sesión do 31 de xaneiro de 2025.
O presidente somete o ditame a votación.
As concelleiras e os concelleiros que están presentes aproban o ditame por sete votos a favor (sete: 4 do PP, 2 do PG e 1 de AxP), 4 abstencións do PSdeG-PSOE e dous votos en contra (dous: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

1.4 O alcalde di que é necesario incluír por urxencia a aprobación da participación do POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025 para atender a un requirimento da Deputación Provincial da Coruña.

O presidente somete a votación a urxencia da aprobación-participación do Pos+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025.

As concelleiras e os concelleiros que están presentes aproban a urxencia por once votos a favor (once: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG e 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

A secretaria le a proposta.

“**PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN-PARTICIPACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025**

A Deputación Provincial de A Coruña aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2025 cos obxectos: gasto corrente, realización de investimentos, redución de débeda, gastos sociais e Plan Complementario.

Xunto co POS+2025 regúlase simultáneamente o POS+ADICIONAL 1/2025 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais da Deputación.

Ao Concello de Ponteceso correspóndenlle 73.821,40 €.

Logo de ver o informe da traballadora social  de María Dolores Antelo Collazo do 20.12.2024

Logo de ver o informe da interventora municipal do 30.12.2024

No Pleno que tivo lugar o 13/01/2025 acórdase participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) «POS+ Adicional 1/2025» da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

A Deputación Provincial fainos un requirimento o 28/01/2025, concedendo un prazo de 10 días hábiles, para enviar un novo Informe de Intervención da previsión de gastos sociais extraordinarios en gasto corrente (ANEXO XVI), así como un novo certificado do acordo plenario da solicitude (ANEXO XV).

Con data 04/02/2025 a Intervención Municipal asina un novo informe da previsión de gastos sociais extraordinarios en gasto corrente (ANEXO XVI).

**Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

**1.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos «POS+Adicional 1/2025» da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL 1/2025: 73.821,40 €

| **GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025** | **PREVISIÓN DE GASTOS 2025** | **ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS** | **ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO** | **IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025** | **OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO** |
|---|---|---|---|---|---|
| | (A) | (B) | (C=A-B) | (D) | (E=C-D) |
| Gastos correntes | 392.904,84 € | 294.430,10 € | 98.474,74 € | 73.821,40 € | 24.653,34 € |
| Investimentos: Tipoloxía i | | | 0,00 € | | 0,00 € |
| Investimentos: Tipoloxía j | | | 0,00 € | | 0,00 € |
| **TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025** | 392.904,84 € | 294.430,10 € | 98.474,74 € | 73.821,40 € | 24.653,34 € |
| | | | | | |
| | | | | | |
| **IMPORTES SOLICITADOS** | | | | | |
| I. Importe solicitado para gastos correntes | | | | 73.821,40 € | |
| II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i | | | | **0,00 €** | |
| III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j | | | | **0,00 €** | |
| **TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)** | | | | 73.821,40 € | |

**2.-** Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

**3.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:
5df4f2227d0f95d1f6a43e115a84438430528d6ffa1974885a86f08cb6376139

Non hai máis debate.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

As concelleiras e os concelleiros que están presentes aproban a proposta por doce votos a favor (sete: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP E 1 do BNG), unha abstención de APIN-ESCO.

1.5 O alcalde di que é necesario incluír por urxencia a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (2025-2027).

A secretaria le a seguinte proposta:

***"PROPOSTA DE ALCALDIA***

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (2025-2027). Expediente 2025/A006/000001.***

*Na data do 30-12-2024 a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra subscribiron o novo convenio de colaboración en materia de emerxencias e prevención e defensa contra os incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), situados estratexicamente en 35 localidades que se corresponden con 35 zonas de actuación, que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación, correspondendo á zona de Bergantiños o GES con sede no Concello de Ponteceso.*

*O obxecto do convenio é colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias de Galicia; a participación dos mesmos en tarefas de prevención de incendios e a colaboración na extinción de incendios forestais.*

*Os criterios determinantes da distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais son os seguintes:*

- *A non existencia de Servizo contra incendios e salvamento, xa sexa comarcal ou municipal.*
- *Poboación atendida, xa que existen zonas de alta concentración de poboación con mala ou nula cobertura actual por parte dos servizos contra incendios e salvamento.*
- *Distribución uniforme.*
- *Preferencia daquelas mancomunidades ou consorcios de concellos con prestación mancomunada no campo da protección civil.*
- *Localizacións en zonas de montaña, con moi mala accesibilidade, onde os dispositivos de Protección Civil teñen tempos de chegada máis alongados.*
- *Localizacións en zonas con riscos potenciais.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *Situación estratéxica en canto a vías de comunicación, co fin de axilizar o proceso de despregue e intervención nas emerxencias*
- *A existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emerxencias e con experiencia e recursos humanos con formación en emerxencias.*

*Os GES poderán exercer as seguintes funcións:*

- *Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.*
- *Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.*
- *Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*
- *Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal de titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.*
- *Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.*
- *Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de cortalumes.*
- *Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro*
- *Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, corrementos de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.*
- *Colaborar e, de ser o caso, intervir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.*
- *Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.*
- *Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.*
- *Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *Realizar actividades e, se é o caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicadas nos apartados anteriores.*
- *Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido á tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc., dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.*
- *Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.*
- *Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.*

*Ordinariamente os GES desenvolverán as súas funcións no ámbito de actuación adscrito, sen prexuízo de que deban intervir fóra deste ámbito territorial cando sexan mobilizados pola Central de Atención a Emerxencias 112 para a atención a emerxencias por razóns de cercanía ou necesidade de recursos adicionais.*

*Co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas encomendadas, cada GES contará cos seguintes medios materiais:*

- *Un vehículo todoterreno que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obrigatoria do mesmo, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc.*
- *Batelumes, ferramentas e equipos de protección individuais (EPIs) necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo "Comité de Loita contra Incendios Forestais" (CLIF) ou polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (Pladiga).Os vehículos de extinción dispoñibles de acordo coa súa operatividade.*
- *En canto á roupa de traballo, os membros dos GES vestirán un uniforme axeitado ás características do seu traballo, na que figurará de forma visible a denominación "GES" e a zona de intervención, segundo o modelo definido pola Xunta de Galicia.*
- *Para a extinción de incendios forestais os equipos de protección individual (EPIs) terán as características definidas polo Comité de Loita contra os Incendios Forestais do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico ou o Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais – PLADIGA (ver https://mediorural.xunta.gal/es/temas/defensa-monte/pladiga-2023)*

*Segundo o disposto nos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.*

*Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá. E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.*

*Por outra parte, os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado, senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural. En relación con isto débese lembrar que todos os concellos de Galicia, segundo a Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados zonas de alto ou medio risco de incendio.*

*A vixencia do convenio estenderase desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2027.*

*A competencia para a aprobación da adhesión do Concello de Ponteceso ao convenio corresponde ao Pleno, de conformidade co establecido no artigo 22.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e co artigo 64.2.b) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.*

*O convenio formúlase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, ao mesmo resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.*

*Logo de ver o texto do convenio, a memoria xustificativa de Alcaldía de data 31-01-2025 e os informes favorables da Secretaría e Intervención de data 03-02-2025, e considerando que a competencia para a súa aprobación corresponde ao Pleno,* ***PROPOÑO*** *ao Pleno da Corporación, RESOLVER:*

***Primeiro:*** *Solicitar a adhesión ao "Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais" na data do 30-12-2024, con efectos plenos dende o 1 de xaneiro de 2025, sendo este do seguinte teor literal:*

***"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS***

***REUNIDOS***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*Pola Xunta de Galicia, Diego Calvo Pouso, conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes, e María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, nomeados polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia*

*Pola Deputación Provincial da Coruña, o seu presidente, Valentín González Formoso, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Pola Deputación Provincial de Lugo, o seu presidente, José Tomé Roca, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Pola Deputación Provincial de Ourense, o seu presidente, Luis Menor Pérez, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra, o seu presidente, Luis López Diéguez, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Pola Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), o seu presidente, Alberto Varela Paz, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.*

*Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e*

***EXPOÑEN***

***PRIMEIRO. -*** *Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios .*

*Así mesmo a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes conforme ao disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en relación co previsto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia , é o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil e emerxencias ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e máis especificamente a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior encadrada na súa estrutura.*

*Pola súa parte a Consellería do Medio Rural, conforme ao disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo decreto 148/2024 do 20 de maio, é o departamento encargado de xestionar as*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, a través da Subdirección Xeral de Prevención pertencente á Dirección xeral de defensa do Monte.*

***SEGUNDO.-*** *Ás Deputacións Provinciais, como órgano de goberno da provincia, correspóndelle a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia e, en particular, participar na coordinación da administración local coa Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.*

*Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non conten con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.*

***TERCEIRO****.- Entre os fins da FEGAMP, de acordo co establecido no artigo 2 dos seus estatutos, figura a representación e defensa das actividades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Con esta finalidade goza da plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus estatutos.*

*Que conforme ao disposto no artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.*

***CUARTO.-*** *Que segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.*

*Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá. E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.*

***QUINTO.-*** *Por outra parte, os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado, senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.*

*Cómpre pois, un enfoque máis global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen, abarquen todo o territorio aínda que, para unha maior*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*eficacia do uso dos recursos, se prioricen as zonas clasificadas como de alto risco de incendio forestal. En relación con isto, débese lembrar que todos os concellos de Galicia, segundo a Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados zonas de alto ou medio risco de incendio.*

***SEXTO.-*** *Que para dar cumprimento ao manifestado, a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais e a FEGAMP acordan apoiar o funcionamento dos grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementarán a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal.*

*Ordinariamente os GES desenvolverán as súas funcións no ámbito de actuación adscrito, sen prexuízo de que deban intervir fóra deste ámbito territorial cando sexan mobilizados pola Central de Atención a Emerxencias 112 para a atención a emerxencias por razóns de cercanía ou necesidade de recursos adicionais.*

*A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería do Medio Rural; as Deputacións Provinciais e a FEGAMP asinan este convenio co fin de simplificar e axilizar as tramitacións administrativas necesarias para alcanzar a colaboración pretendida.*

*Co novo convenio as achegas económicas totais entre as partes asinantes acadan o 52,5% de financiamento por parte dos departamentos da Xunta de Galicia e o 47,5% das entidades locais, sendo o 40 % procedente das Deputacións Provinciais e un 7,5% dos concellos.*

*De acordo co anteriormente exposto, dado que o acordo de colaboración é de común interese para todas as partes e harmoniza os fins dunhas e doutras, asinan o presente convenio que se rexerá polas seguintes*

### *CLÁUSULAS:*

### *PRIMEIRA.- OBXECTO*

*O presente convenio ten por obxecto colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias de Galicia; a participación dos mesmos en tarefas de prevención de incendios e a colaboración na extinción de incendios forestais.*

### *SEGUNDA.- LOCALIZACIÓN*

*Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais e os Servizos Municipais sitúanse estratexicamente en 35 localidades que se corresponden con 35 zonas de actuación, que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación.*

*Os criterios determinantes da distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais foron:*

- *A non existencia de Servizo contra incendios e salvamento, xa sexa comarcal ou municipal.*
- *Poboación atendida, xa que existen zonas de alta concentración de poboación con mala ou nula cobertura actual por parte dos servizos contra incendios e salvamento.*
- *Distribución uniforme.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- *Preferencia daquelas mancomunidades ou consorcios de concellos con prestación mancomunada no campo da protección civil.*
- *Localizacións en zonas de montaña, con moi mala accesibilidade, onde os dispositivos de Protección Civil teñen tempos de chegada máis alongados.*
- *Localizacións en zonas con riscos potenciais.*
- *Situación estratéxica en canto a vías de comunicación, co fin de axilizar o proceso de despregue e intervención nas emerxencias*
- *A existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emerxencias e con experiencia e recursos humanos con formación en emerxencias.*

*As sedes dos GES establécense no anexo I de este convenio correspondendo a Comisión de Seguimento a proposta de novas sedes no caso de producirse vacantes.*

## *TERCEIRA.- COMPOSICIÓN*

*Con carácter xeral cada GES estará composto por 12 efectivos, agás no caso do Grove Quiroga e Folgoso que contan con 6 efectivos.*

*En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme ao anexo I, no que se recolle tamén a súa sede. Non obstante, deberán intervir fóra deste ámbito territorial cando sexan mobilizados pola Central de Atención a Emerxencias 112, ben por ser o recurso máis próximo ou pola necesidade de dispoñer de medios extraordinarios para atender emerxencias.*

*Cada GES contará cos medios materiais que se especifican no anexo III.*

*No tocante á selección, formación e operatividade dos compoñentes destes grupos estarase ao disposto no anexo V.*

## *CUARTA.- FUNCIÓNS DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS*

*Os GES poderán exercer as seguintes funcións:*

- *Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.*
- *Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.*
- *Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*
- *Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal de titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.*
- *Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- *Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de cortalumes.*
- *Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro*
- *Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, corrementos de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.*
- *Colaborar e, de ser o caso, intervir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.*
- *Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.*
- *Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.*
- *Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.*
- *Realizar actividades e, se é o caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicadas nos apartados anteriores.*
- *Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido á tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc., dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.*
- *Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.*
- *Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.*

***QUINTA.- COORDINACIÓN DOS GES***

*Os GES dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local polo que foron contratados, e en ningún caso os seus integrantes terán vínculo laboral nin coa Administración xeral da comunidade autónoma nin coa Deputación Provincial.*

*Segundo as características da emerxencia ou actividade preventiva ou extintiva que realicen, os GES coordinaranse tecnicamente cos servizos contra incendios, cos distritos forestais e/ou coa Central de atencións ás emerxencias 112-Galicia.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*A coordinación ordinaria dos GES corresponde ao concello no que se sitúe a base do grupo, tendo presente sempre o seu carácter supramunicipal.*

*No caso de actuacións conxuntas en emerxencias de calquera tipo, cos efectivos dos parques de bombeiros comarcais, o mando e coordinación das mesmas, en cumprimento do principio de mando único, corresponde ao xefe da unidade do parque comarcal de bombeiros.*

*O concello sede aportará unha instalación-base adecuada para a prestación do servizo de emerxencias.*

*A Central de atención ás emerxencias 112-Galicia, conectará co grupo de emerxencia a través dun sistema remoto de xestión das emerxencias, cargando os programas informáticos no terminal dotado de liña de datos e de voz co que estará equipada a sede.*

***SEXTA.- FINANCIAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS***

*1- Os Grupos de emerxencias supramunicipais financiaranse polas seguintes partes asinantes do convenio:*

- *A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Medio Rural*
- *As Deputacións Provinciais*
- *As entidades locais que se adhiran a este convenio.*

*2- A contribución ao financiamento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de emerxencias para os GES fíxase en:*

*Para o financiamento dos servizos municipais: seiscentos nove mil euros (609.000,00 €) por anualidade financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior con cargo á aplicación orzamentaria 05.06.212.A.460.1.*

*Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará cincocentos vinte e sete mil seiscentos vinte e cinco euros (527.625,00€) por anualidade, con cargo á aplicación orzamentaria 05 .04.141.A.461.1.*

*3- A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de prevención e extinción de incendios, para os GES, fíxase en un catro millóns catrocentos noventa e un mil trescentos setenta e cinco euros (4.491.375,00 €) para cada anualidade, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.*

*O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes dos GES segundo o reparto do anexo II.*

*Serán gastos subvencionables pola Consellería de Medio Rural aqueles gastos directos que de xeito indubidable sexan necesarios para a realización das actuacións de prevención e extinción de incendios, que incluirá:*
*- gastos de persoal (salarios devengados e seguridade social a cargo da entidade local).*

*- EPIs para a prevención e/ou extinción de incendios*

*- Ferramentas necesarias para a realización dos labores de prevención e extinción de incendios.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*4- A contribución ao financiamento por parte dos concellos será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponde, segundo o anexo II ascende a un total de oitocentos catro mil euros (804.000,00 €) por ano.*

*5- A contribución ao financiamento das Deputacións Provinciais por anualidade é o seguinte: un millón vinte catro mil euros (1.024.000,00 €) da Deputación da Coruña, seiscentos corenta mil euros (640.000,00 €) da Deputación de Lugo, un millón cincocentos trinta e seis mil euros (1.536.000,00 €) da Deputación de Ourense e un millón oitenta e oito mil euros (1.088.000,00 €) da Deputación de Pontevedra. Este financiamento distribuirase da seguinte maneira: un adianto do 50% da achega tras a sinatura do convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación.*

*6-O custo do presente convenio en materia de emerxencias, prevención e extinción de incendios é de 10.720.000,00 € por anualidade, fixándose os custes totais por GES no anexo II.*

***SÉTIMA.- TRAMITACIÓN***

*Respecto da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería, do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.*

***OITAVA.- COMPROMISOS DAS PARTES***

*A- Pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e da Consellería do Medio Rural, o compromiso é:*

- *Financiamento: A Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e a do Medio Rural colaborarán no financiamento dos custos que se deriven da operatividade dos GES, cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais.*
- *Dirección e coordinación: ambas consellerías a través dos seus órganos directivos, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Dirección Xeral de Defensa do Monte respectivamente, ostentarán a dirección e coordinación operativas destes grupos cando fora solicitada a súa colaboración en emerxencias ou activación de plans, de competencia dun ou ambos órganos directivos.*

*B- Polas Deputacións Provinciais*

- *Financiamento: As Deputacións Provinciais colaborarán no financiamento cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais.*

*C- Pola FEGAMP.*

- *A coordinación do proceso de adhesión por parte dos concellos.*
- *Difusión: a FEGAMP difundirá a actuación entre os concellos e os informará das condicións do convenio e do tipo de gastos que poderá financiar o convenio.*

*D- Polos Concellos sede dos GES,*

- *Deberán achegar as cantidades consignadas no anexo II.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- *Deberán achegar unhas instalacións-base axeitadas para a prestación do servizo de emerxencias, permitindo a localización dos recursos humanos e materiais propios do servizo.*
- *Deberán atender de forma permanente as chamadas de emerxencia, de xeito que a non resposta as chamadas de emerxencia de forma continuada dará lugar por parte dos concellos sede, a non percepción da axuda, salvo causa xustificada, e previa audiencia ó concello implicado.*
- *Deberán cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento desta cláusula.*
- *Deberán acreditar a prestación do servizo, mediante os informes ou memorias técnicas emitidas polos responsables dos GES nos concellos sede, coa finalidade de percibir as achegas da Xunta de Galicia e da Deputación.*
- *Comprométense a conservar os medios e recursos de intervención de Galicia. O deterioro non xustificado polo uso que sufran os equipos será responsabilidade do concello.*
- *Dado o carácter supramunicipal dos GES, os concellos incluídos na área de actuación correspondente, segundo o anexo I, poderán pór a disposición destes os medios materiais de protección civil dos que dispoñan para atender as emerxencias, ou ben cedelos de forma permanente.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos fondos percibidos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións.*

***NOVENA.- LIBRAMENTO DE FONDOS DA XUNTA***

*O libramento dos fondos a cada entidade local na que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais, por parte da Xunta de Galicia, realizarase de conformidade co previsto no anexo IV*

*A Dirección Xeral de Defensa do Monte librará un pagamento anticipado do 100%, logo da sinatura do convenio e da corresponde solicitude de anticipo da entidade local. Esta cantidade poderá ser diminuída nos seguintes casos:*

*- En caso de nova incorporación o anticipo desa anualidade será proporcional ao número de meses que estean operativos.*

*- En caso de contar cun número de compoñentes inferior ao establecido, o anticipo será proporcional ao número real de compoñentes no momento da solicitude de pago do anticipo. A estes efectos, na solicitude de anticipo deberá constar este número.*

*A Dirección Xeral de Administración Local librará os importes establecidos no anexo II mediante un pago anticipado do 50%, previa solicitude da entidade local. O importe restante librarase despois da comprobación da xustificación realizada de conformidade co previsto no anexo IV*

*A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, librará un pago anticipado do 50% , previa solicitude da entidade local. O importe restante librarase despois da comprobación da xustificación realizada de conformidade co previsto no anexo IV.*

***DÉCIMA- -OBRIGAS DOS CONCELLOS SEDE***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*Os beneficiarios finais deste convenio están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral e o Consello de Contas da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*

*A participación no presente convenio suporalles aos beneficiarios, o consentimento expreso á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de novembro e decreto 126/2006 do 20 de xullo.*

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados para o mesmo fin, poderá dar lugar, se con isto se alterase os obxectivos deste convenio, á modificación da resolución da concesión.*

*O incumprimento dalgunha das obrigas recollidas neste convenio así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e/ou á perda do dereito ao cobro das contías non percibidas. No suposto de reintegro de axudas concedidas os xuros de mora esixiranse dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, tal e como establece no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*As axudas concedidas neste convenio son incompatibles con calquera outra para a mesma finalidade. Así mesmo, no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.*

***DÉCIMO PRIMEIRA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE***

*O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. Para a interpretación de dúbidas e controversias que xurdan na interpretación deste convenio estarase ao disposto nas cláusulas deste e, subsidiariamente, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e aos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

*As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na súa aplicación.*

***DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO DO CONVENIO***

*Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representadas a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, mediante catro representantes, dous da Dirección Xeral de Administración Local e dous da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior; a Consellería do Medio Rural, mediante dous representantes da Dirección Xeral de Defensa do Monte; as Deputacións Provinciais cun representante cada unha e a Fegamp, con dous representantes.*

*Son funcións desta comisión de seguimento:*

- *Velar polo cumprimento do convenio.*
- *Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- *En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir na aplicación deste convenio.*
- *Fixar aquelas sedes incorporadas ao texto do convenio (anexo II) naqueles supostos nos que se produzan vacantes, cando o respectivo concello non formalice a adhesión final e formal ao convenio ou no suposto da creación de novo GES para a cobertura de zonas de sombra.*

***DÉCIMO TERCEIRA.-VIXENCIA***

*O presente Convenio estenderá a súa vixencia desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2027.*

*Os concellos formalizan a súa adhesión ao presente convenio coa sinatura do correspondente anexo VI de adhesión.*

*Este convenio poderá ser obxecto de modificacións ou de prórrogas xustificadas, logo da tramitación da addenda correspondente e seguindo os trámites necesarios para a formalización oportuna.*

***DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL***

*As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.*

***DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE***

*As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

***DÉCIMO SEXTA.- BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS***

*En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). No seu caso a BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto para a súa publicación.*

*En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data consignada nas sinaturas electrónicas.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

| | |
|---|---|
| *O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes* | *A conselleira de Medio Rural* |
| *Diego Calvo Pouso* | *María José  Gómez Rodríguez* |
| | |
| | |
| *O presidente da Deputación Provincial da Coruña* | *O presidente da Deputación Provincial de Lugo* |
| *Valentín González Formoso* | *José Tomé Roca* |
| | |
| | |
| | |
| *O presidente da Deputación Provincial de Ourense* | *O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra* |
| *Luis Menor Pérez* | *Luis López Diéguez* |
| | |
| | |
| *O presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias* | |
| *Alberto Varela Paz* | |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

## *ANEXO I: SEDE, ÁMBITO DE ACTUACIÓN E COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL DOS GES*

| ***PROVINCIA DA CORUÑA*** | | |
|---|---|---|
| *Zona* | *Sede/s* | *Concello* |
| *Zona de Ortegal e Ferrol* | *Ortigueira* | *Cariño*<br>*Cedeira*<br>*Cerdido*<br>*Mañón*<br>*Moeche*<br>*Ortigueira*<br>*Somozas, As* |
| *Zona de Bergantiños* | *Ponteceso* | *Cabana de Bergantiños*<br>*Coristanco*<br>*Laxe*<br>*Malpica de Bergantiños*<br>*Ponteceso* |
| *Zona de Muros e Xallas* | *Muros* | *Carnota*<br>*Mazaricos*<br>*Muros*<br>*Outes* |
| *Zona de Ferrol - Eume* | *Mugardos* | *Ares*<br>*Cabanas*<br>*Fene*<br>*Mugardos*<br>*Neda*<br>*Valdoviño* |
| *Zona de Betanzos, Terra de Melide e Ordes* | *Curtis* | *Aranga*<br>*Curtis*<br>*Mesía*<br>*Oza – Cesuras*<br>*Sobrado*<br>*Vilasantar* |
| *Zona do Sar e Caldas* | *Padrón* | *Dodro* |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

| | | |
|---|---|---|
| | | *Padrón*<br>*Pontecesures*<br>*Rois*<br>*Valga* |
| *Zona Santiago e A Barcala* | *Brión* | *Ames*<br>*Brión*<br>*Negreira* |
| *Zona Ría de Noia – Servizo Municipal* | *Noia* | *Lousame*<br>*Noia*<br>*Porto do Son* |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

| ***PROVINCIA DE LUGO*** | | |
|---|---|---|
| *Zona* | *Sede/s* | *Concello* |
| *Zona de Friol - Palas* | *Friol* | *Begonte*<br>*Friol*<br>*Guitiriz*<br>*Outeiro de Rei*<br>*Palas de Rei* |
| *Zona da Mariña Central e Oriental* | *A Pontenova* | *Lourenzá*<br>*Meira*<br>*Pastoriza, A*<br>*Pontenova, A*<br>*Riotorto*<br>*Trabada* |
| *Zona de Quiroga* | *Quiroga* | *Folgoso do Courel*<br>*Pobra do Brollón, A*<br>*Quiroga*<br>*Ribas de Sil* |
| *Zona de Folgoso* | *Folgoso* | *Folgoso do Courel*<br>*Pobra do Brollón, A*<br>*Quiroga*<br>*Ribas de Sil* |
| *Zona da Ulloa, Lugo e Chantada* | *Monterroso* | *Antas de Ulla*<br>*Guntín*<br>*Monterroso*<br>*Portomarín*<br>*Taboada* |
| *Zona da Mariña Central e Occidental* | *Cervo* | *Alfoz*<br>*Burela*<br>*Cervo*<br>*Foz*<br>*Valadouro, O*<br>*Xove* |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

| ***PROVINCIA DE OURENSE*** | | |
|---|---|---|
| *Zona* | *Sede/s* | *Concello* |
| *Zona de Avión* | *Avión* | *Avión<br>Beariz<br>Boborás* |
| *Zona do Ribeiro* | *Ribadavia* | *Arnoia<br>Beade<br>Carballeda de Avia<br>Castrelo de Miño<br>Cenlle<br>Cortegada<br>Leiro<br>Melón<br>Padrenda<br>Ribadavia<br>Toén* |
| *Zona de Valdeorras* | *Barco de Valdeorras, O* | *Barco de Valdeorras, O<br>Carballeda de Valdeorras<br>Larouco<br>Petín<br>Rúa, A<br>Rubiá<br>Vilamartín de Valdeorras* |
| *Zona de Terra de Caldelas e Trives* | *Castro Caldelas* | *Castro Caldelas<br>Chandrexa de Queixa<br>Manzaneda<br>Montederramo<br>Parada de Sil<br>Pobra de Trives, A<br>San Xoán de Río<br>Teixeira, A* |
| *Zona da Gudiña* | *Gudiña, A* | *A Gudiña<br>A Mezquita<br>Riós* |
| *Zona de Laza* | *Laza* | *Castrelo do Val<br>Laza<br>Sarreaus* |
| *Zona de Muíños* | *Muíños* | *Bande<br>Calvos de Randín<br>Porqueira<br>Muíños* |
| *Zona de Lobios* | *Lobios* | *Entrimo<br>Lobios<br>Lobeira* |
| *Zona do Pereiro de Aguiar* | *Pereiro de Aguiar, O* | *Barbadás<br>Coles<br>Nogueira de Ramuín* |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

| | | |
|---|---|---|
| | | *Pereiro de Aguiar*<br>*San Cibrao das Viñas*<br>*Taboadela* |
**TERCERO.** De conformidade co artigo 3.1 do Real Decreto 635/2014, para calcular o período medio de pago a provedores, deberanse ter en conta:

1. As facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente.

2. As certificacións mensuais de obra aprobadas a partir do 1 de xaneiro de 2014.

**CUARTO.** De conformidade co artigo 3.2 do Real Decreto 635/2014, quedarán excluídas do cálculo do período medio de pago a provedores:

1. As obrigacións de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional

2. As obrigacións pagas con cargo ao Fondo para o financiamento dos pagos a provedores.

3. As propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos (cabe indicar que figuran dúas facturas de pequeno importe, que se inclúen nos listados das pendentes de pagamento ao final do trimestre, que sí estaban aprobadas, pero que se retivo o seu pago porque existía unha débeda do proveedor, pero non se inicia expediente de compensación porque se compromete a efectuar o pago )

**QUINTO.** O período medio de pago da Entidade Local será un indicador global (PMPG) que reflicta o tempo que tardan todas as súas entidades incluídas no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril (Concello, entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das administracións públicas) en facer os seus pagos,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

reflectindo igualmente o seu pendente de pago acumulado.

Desta forma, o período medio de pago global estará composto dos períodos medios de pago do Concello e de cada unha das súas entidades dependentes.

Dado que o Concello de Camariñas non ten entidades dependentes, o período medio global coincidirá có período medio do Concello. Á súa vez, o período medio de pago do Concello e o das súas entidades dependentes será o resultado de ponderar o cociente de operacións pagas e o cociente de operacións pendentes de pago.

**SEXTO.** O «cociente de operacións pagas», tal e como se indica no artigo 5.2 do Real Decreto 635/2014, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagos:

Ratio de las operaciones  pagadas = Sumatorio (nº de días de pago* importe de la operación pagada)/Importe total pagos realizados

Serán «número de días de pago»[1] os días naturais transcorridos desde:

- a data de aprobación das certificacións de obra até a data de pago material da obrigación (incluído).
- a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, até a data de pago material da obrigación (incluído).
- A data de entrada da factura no rexistro administrativo ata a data do pago material da obriga (incluído), cando non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados, ou a factura se reciba con posterioridade á aprobación da conformidade.

Indicar que no Concello de Ponteceso non existe un rexistro independente de certificacións de obra, logo no suposto do pago das mesmas, a data que se toma como referencia é a de conformidade da factura, logo existe unha pequena distorsión por elo na información que se remite, aínda que non ten unha grande repercursión no resultado. Igualmente tamén se indica que neste Concello, o cálculo do PMP efectúase dende a data de conformidade das facturas, que se rexistra na base de datos que se utiliza para a levanza do rexistro contable de facturas ( o mesmo aplicativo utilizado para a contabilidade).

Con esta información, o cálculo do «cociente de operacións pagadas» do Concello presenta os seguintes resultados:

Ratio de operacións pagadas ; 63,78 días.

[1] 1Téñase en conta que tras a entrada en vigor o día 1 de abril de 2018 dos cambios no cálculo do PMP introducidos polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, produciuse unha modificación na forma de computar o «número de días de pago»

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Cabe indicar que existe liquidez ( saldos nas contas bancarias) para atender o pago con axilidade, de feito adóptanse os acordos de aprobación das facturas en parexo a ordenación do pago. Dende que se trasladan a Tesoureiría os acordos adoptados , procédese a efectuar o pagamento , no día ou día seguinte. Os días indicados correspóndense na súa maior parte cos prazos de tramitación do expediente de aprobación dos documentos.

Importe de operacións pagadas: 1.682.718,71 €

SÉTIMO. O «*cociente de operacións pendentes de pago*», tal e como se indica no artigo 5.3 do Real Decreto 635/2014, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pago a final do trimestre ( nos casos que consta conformidade) :

Ratio operac pendientes de pago= Sumatorio (nº de días pendientes de pago*importe operac pendiente de pago)/Importe total de pagos pendientes.

Serán «*número de días pendentes de pago*» aos días naturais transcorridos desde:

- a data de aprobación das certificacións de obra até o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, até o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- a data de entrada da factura no rexistro administrativo ata o último día do período ao que se refiran ós datos publicados, cando non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados, ou a factura se reciba con posterioridade á aprobación da conformidade ( reitero o indicado xa na parte anterior do informe, de que non existe un rexistro independente de certificacións, logo o cálculo do dito ratio efectúase en base a data de conformidade dos xustificantes facturas).

Con esta información, o cálculo do «cociente de operacións pendentes de pago» do Concello presenta os seguintes resultados:
Ratio de operacións pendentes de pago: 60,74 días.
Importe operacións pendentes de pago ; 269.006,13 €

**OITAVO**. O «período medio de pago» do Concello, tal e como se indica no artigo 5.1 do Real Decreto 635/2014 é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagos, sumándolle o efecto dos atrasos no pago da débeda comercial:

Período medio de pago de cada entidad = Ratio operac pagadas*importes pagos realizados +ratio operaciones pendientes de pago*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

importes pago pendientes/importe total pagos realizados+ importe total pagos pendientes.

En base aos cálculos precedentes o « período medio de pago» do Concello presenta os seguintes resultados:

| | |
|---|---|
| PERÍODO MEDIO DE PAGO en días | 63,36 días |

Non se da cumprimento aos prazos legais, se ben é certo que se minora con respecto o trimestre anterior.

Cabe indicar que no artigo 13 da LOEOSF establécese o seguinte no suposto de incumprimento do dito ratio ( transcribo):

“6. *Las Administraciones Públicas deberán publicar su periodo medio de pago a proveedores y disponer de un plan de tesorería que incluirá, al menos, información relativa a la previsión de pago a proveedores de forma que se garantice el cumplimiento del plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad. Las Administraciones Públicas velarán por la adecuación de su ritmo de asunción de compromisos de gasto a la ejecución del plan de tesorería*.

*Cuando el período medio de pago de una Administración Pública, de acuerdo con los datos publicados, supere el plazo máximo previsto en la normativa sobre morosidad, la Administración deberá incluir, en la actualización de su plan de tesorería inmediatamente posterior a la mencionada publicación, como parte de dicho plan lo siguiente*:

a) El importe de los recursos que va a dedicar mensualmente al pago a proveedores para poder reducir su periodo medio de pago hasta el plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad. b) El compromiso de adoptar las medidas cuantificadas de reducción de gastos, incremento de ingresos u otras medidas de gestión de cobros y pagos, que le permita generar la tesorería necesaria para la reducción de su periodo medio de pago a proveedores hasta el plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad.

**NOVENO.** Os cálculos recollidos neste informe deberán remitirse, en todo caso, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas[2], e debe darse conta dos mesmos ao Pleno da Corporación.

En Ponteceso. A Interventora Acumulada.
María E. García Maneiro.”

[2] Esta remisión realizarase por vía telemática a través da aplicación de captura que se habilita ao efecto na OVEELL.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

## 2.3 Mocións non resolutivas

### 2.3.1 Moción presentada polo PP sobre superávit presupostario do ano 2024

O voceiro do PP le a moción.

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE PONTECESO SOBRE SUPERAVIT PRESUPOSTARIO DO ANO 2024

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, nin se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais, descoñecen a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira en relación co destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.

Dada a actual situación financeira dos concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes “os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025”.

Neste contexto, é necesario que os concellos poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou á amortización de débeda.

**Polo exposto, solicitamos:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda.

Jose Manuel Mato Martínez"

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:
5df4f2227d0f95d1f6a43e115a84438430528d6ffa1974885a86f08cb6376139

A voceira do BNG propón dúas emendas a esta moción:

1. O primeiro parágrafo, debería recoller que non foron aprobados os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.
2. Engadir na solicitude instar á Xunta de Galicia a que destine os mil millóns de euros que deixaron de executar no exercicio 2023 a financiar os servizos sociais dos concellos.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que o seu grupo votaría a favor se se engade outro punto para instar ao Congreso a que aprobe as medidas recollidas no Real decreto lei 9/2024, de proporcionar uns recursos extraordinarios aos concellos pola vía de adiantar as transferencias.

O presidente somete a moción a votación as emendas que propón o BNG.
O Pleno do Concello aproba incluír as emendas que propuxo o BNG por nove votos a favor (nove: 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e 4 abstencións do PP.

O presidente somete a votación a emenda que propón o PSdeG-PSOE.
O Pleno do Concello rexeita a emenda co voto de callidade do alcalde por 4 votos a favor do PSdeG-PSOE, 4 votos en contra do PP e 5 abstencións (cinco: 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO.

Polo tanto, a moción coas emendas introducidas quedaría do seguinte xeito:

"Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, que non foron aprobados.
Neste contexto, as entidades locais, descoñecen  a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira en relación co destino do superávit

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.

Dada a actual situación financeira dos concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes "os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025".

Neste contexto, é necesario que os concellos poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula una serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou á amortización de débeda.

**Polo exposto, solicitamos:**

1. Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda.

2. Instar á Xunta de Galicia a que destine os mil millóns de euros que deixaron de executar no exercicio 2023 a financiar os servizos sociais dos concellos."

### 2.3.2 Mocións presentadas polo BNG

#### 2.3.2.1 Moción para recuperar o apoio público do Concello de Ponteceso ao colectivo LGBT e ás loitas polos dereitos civís.

A voceira do BNG le a moción.

"MOCIÓN DO BNG PARA RECUPERAR O APOIO PÚBLICO DO CONCELLO DE PONTECESO AO COLECTIVO LGBT E ÁS LOITAS POLOS DEREITOS CIVÍS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Fátima Ángeles Rodríguez Gonzálvez, voceira do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** (BNG) no Concello de Ponteceso, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:

Exposición de motivos:
Con data de 2 de decembro de 2024 a Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, ante o recurso de casación da Asociación Avogados Cristianos contra o Concello de Zaragoza polo uso da bandeira LGBT no seu balcón e contra a Deputación de Valladolid polo uso da mesma bandeira nun patio interior situado nas súas dependencias institucionais, resolveu na súa sentencia o seguinte literal: "*El Tribunal Supremo no aprecia impedimento para que, con ocasión de la celebración del 28 de junio, se exhibiera la bandera arco iris, porque ni se colocó para sustituir o subordinar a ella a las banderas y enseñas oficiales, ni es un signo o símbolo de significación partidista y tampoco propugna ningún tipo de enfrentamiento. Al contrario, se proyecta a favor de la igualdad entre las personas, valor reconocido por la Constitución y por la Carta de los Derechos Fundamentales de la Unión Europea*"

Esta é unha decisión que marca xurisprudencia sobre o uso polas institucións públicas de bandeiras que representan a colectivos sociais a prol da igualdade, dos emblemas usados nas loitas polos dereitos civís e todas as causas que defenden as liberdades fronte as discriminacións como principios básicos recollidos na nosa Constitución.
Esta sentencia avalía os argumentos que xa fixemos públicos desde o BNG cando neste pleno, en sesión de 10 de agosto de 2023, foi rexeitado o debate dunha proposta que incluía o uso desta bandeira porque o equipo de goberno e os seus socios tiñan dúbidas sobre a legalidade desta cuestión.
Antes dese pleno, polo 28 de xuño de 2023 día do Orgullo LGBT o recén nomeado goberno municipal deciciu non colocar no balcón da Casa do Concello, como adoitábase facer, a bandeira do colectivo LGBT e así mesmo tamén decidiu rachar con outros usos habituais de emblemas sociais no balcón do noso concello como o faldón morado polo 8M.
Unha vez avaliado o uso institucional desta bandeira como apoio ao colectivo LGBT e a non existencia de ilegalidade polo uso emblemas contra as inxustizas e polos dereitos civís, o grupo municipal do BNG do concello de Ponteceso presenta a seguinte proposta de **ACORDO**:

1. Que por mor do 28 de xuño o balcón da casa do Concello luza faldón coa bandeira arcoiris en apoio ao colectivo LGBT.
2. Que este faldón estea colocado durante un tempo mínimo dun mes.
3. Que esta acción estea reforzada co deseño e desenvolvemento dun programa de actividades propias do Concello a prol da concienciación, visibilización e pola erradicación das desigualdades e das discriminacións sociais do colectivo LGBT.

En Ponteceso, a 30 de xaneiro de 2025/ Fátima Ángeles Rodríguez Gonzálvez/ Voceira do Grupo municipal do BNG"

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:
5df4f2227d0f95d1f6a43e115a84438430528d6ffa1974885a86f08cb6376139

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O voceiro do PP propón unha emenda: Retirar o punto núm. 2 do acordo, ata que se trate este asunto nunha Comisión de transparencia. e se estableza o procedemento que se vai seguir a partir de agora.

O presidente somete a emenda a votación.
O Pleno do Concello aproba introducir a emenda por doce votos a favor (doce: 3 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e unha abstención do PP.

Polo que o acordo quedaría do seguinte xeito:

1. Que por mor do 28 de xuño o balcón da casa do Concello luza faldón coa bandeira arcoiris en apoio ao colectivo LGBT.
2. Que esta acción estea reforzada co deseño e desenvolvemento dun programa de actividades propias do Concello a prol da concienciación, visibilización e pola erradicación das desigualdades e das discriminacións sociais do colectivo LGBT.

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno do Concello aproba introducir a moción coa emenda por doce votos a favor (doce: 3 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e unha abstención do PP.

**2.3.2.2 Moción sobre o rescate da autovía autonómica AG55 (A Coruña-Carballo)**

A voceira do BNG le a moción.

“MOCIÓN DO BNG SOBRE O RESCATE DA AUTOVÍA AUTONÓMICA AG 55 (A CORUÑACARBALLO)

Fátima Ángeles Rodríguez Gonzálvez, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ponteceso, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O día 14 de outubro o Consello da Xunta de Galiza acordou recuperar a concesión de catro autoestradas: a do Salnés, a de Barbanza, Ourense - Celanova e a de Santiago-Brión. Todas elas vías que na actualidade teñen peaxe na sombra.
Máis aló do debate que pode darse sobre a decisión do goberno galego de optar por este sistema de construción de infraestruturas (e a eficiencia do mesmo), no que afecta á comarca de Bergantiños, e polo tanto, ao noso concello, o foco hai que poñelo necesariamente no feito que a AG-55 foi excluída dese grupo de catro autovías que van ser rescatadas (co que deixarán de ser vías con peaxe) mentres que en Ponteceso, e en toda a Comarca de Bergantiños e da Costa da Morte, as persoas usuarias seguiremos a pagar por empregar a vía principal de comunicación coa cidade da Coruña e a súa área de influencia.
A decisión anunciada no Consello da Xunta a respecto destas catro autovías constitúe un novo agravio e unha grave discriminación para toda a nosa veciñanza, porque excluír a AG-55 supón manter unha peaxe que lastra o desenvolvemento económico e social da Comarca de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Bergantiños e da veciña Costa da Morte. Esa peaxe supón un sobrecusto para familias e empresas e un lastre para a mobilidade, a conectividade e a competencia destas zonas, nas que a devandita autovía constitúe un eixo vital de comunicación para as persoas e para os parques empresariais e equipamentos públicos.
Esa decisión unilateral da Xunta de Galiza de liberar unha serie de autovías, que sempre tiveron esa peaxe, é sorprendente se temos en conta un feito concreto: que se exclúe do rescate unha vía que non tivo peaxe até que se rematou o tramo de Lendo a Carballo. Até ese momento e durante catro anos foi gratuíta.
Ao retardo inexplicábel no remate da autovía que vertebraría a Costa da Morte e Bergantiños, (potenciando o eixo industrial que constitúen os polígonos industriais dos concellos que conforman estas dúas comarcas, coa conexión coa Coruña e o Porto Exterior), hai que sumarlle agora esta decisión arbitraria da Xunta do Partido Popular de non incluír a vía no rescate anunciado.
A maiores, o mantemento destas peaxes ten como consecuencia derivada o elevado tráfico na estrada C-552, coas repercusións negativas que isto ten na seguridade viaria e na calidade de vida de zonas densamente poboadas.
Estas decisións do Goberno galego penalizan dun xeito severo á area xeográfica da Costa da Morte e Bergantiños, e lousan o seu desenvolvemento económico e social.

Por todo o anterior exposto, o Grupo Municipal do BNG de Ponteceso, propón a corporación municipal adoptar o seguinte ACORDO:

1.- O Concello de Ponteceso insta á Xunta de Galiza a :

Iniciar os trámites para o rescate da autovía AG 55 A Coruña-Carballo, de maneira que se poida facer efectivo de xeito inmediato e así rematar co agravio e a discriminación que está a sufrir a veciñanza das comarcas de Bergantiños e Costa da Morte con respecto a outras comarcas do país, nas que as persoas usuarias non están a pagar peaxe en autovías autonómicas.

Ponteceso, 30 de xaneiro de 2025/ Asdo.: Fátima Ángeles Rodríguez Gonzálvez/ Voceira Grupo Municipal do BNG”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:
5df4f2227d0f95d1f6a43e115a84438430528d6ffa1974885a86f08cb6376139

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno do Concello aproba a moción por nove votos a favor (nove: 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e 4 votos do PP en contra.

**2.3.2.3 Moción de apoio á celebración do ano Castelao en 2025**

A voceira do BNG le a moción.

**“ MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO EN 2025**

A voceira do BNG le a moción.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

"Fátima Ángeles Rodríguez Gonzálvez, voceira do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** (BNG) no Concello de Ponteceso, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Podemos afirmar, sen ningún xénero de dúbidas, que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 30 de xaneiro de 1886 - Bos Aires, 7 de xaneiro de 1950) é a principal figura política e cultural da historia contemporánea de Galiza, unha condición que deriva dunha traxectoria vital guiada pola integridade ética, a loita contra todo tipo de discriminacións e desigualdades, a defensa dos dereitos nacionais de Galiza e a militancia no internacionalismo solidario.

Todo o pensamento e a obra de Castelao emana do seu compromiso político e social, que o levou a participar activamente nas principais organizacións do nacionalismo galego, primeiro nas Irmandades da Fala (coa asistencia á I Asemblea Nacionalista de Lugo en 1918) e máis tarde, xa no período republicano, coa fundación do Partido Galeguista (1931). A súa obra literaria e artística destes anos é plenamente consecuente coa toma de posición en defensa do país, da cultura, da lingua e das aspiracións de xustiza e liberdade do pobo galego. Nos anos 20 a súa actividade centrouse no ámbito cultural, con creacións senlleiras como *Cousas* ou o álbum e a exposición *Nós,* e mediante a participación en iniciativas como o grupo e revista *Nós*, o *Museo de Pontevedra* ou o *Seminario de Estudos Galegos*.

Nos anos 30 asumiu cargos de responsabilidade política no Partido Galeguista e exerceu como deputado nas Cortes da República entre 1931-1933 e a partir de abril de 1936. Neste período centrou grande parte dos seus esforzos na expansión do Partido Galeguista e na campaña polo Estatuto de Autonomía, finalmente aprobado en plebiscito popular o 28 de xuño de 1936. Un Estatuto que non vía como un punto de chegada, senón como o primeiro paso para o desenvolvemento do autogoberno de Galiza.

Por este firme e inquebrantábel compromiso co seu país, Castelao tivo que pagar un alto prezo. Primeiro co desterro a Badaxoz (1934-1935) decretado polo goberno dereitista de Lerroux. A partir do golpe de Estado fascista de xullo de 1936, momento no que tomou partido en defensa da legalidade republicana e de Galiza, sufrindo unha persecución implacábel materializada nun expediente de responsabilidades políticas, no espolio da súa casa e dos seus bens, nunha multa de 75.000 pesetas que tivo que pagar a súa familia, e na depuración como funcionario público.

A persecución e o asasinato dos principais líderes do nacionalismo e do republicanismo galego, compañeiros e amigos seus, marcou fondamente a Castelao. Por iso, a partir de xullo de 1936 un dos obxectivos centrais da súa vida foi a denuncia dos crimes da Ditadura e a lembranza, dignificación e recuperación do exemplo das vítimas da represión franquista. Dese empeño xurdiu a escolla do 17 de agosto, data do asasinato do seu grande amigo Alexandre Bóveda, como Día dos Mártires Galegos-Día da Galiza Mártir. Deste mesmo compromiso naceron neses anos de guerra e exilio os Álbums da Guerra (*Galiza Mártir, Atila en Galiza* e *Milicianos*), as campañas de propaganda na URSS (1938), Estados Unidos e Cuba (1938-1939), e o asentamento definitivo con Virxinia Pereira en Bos Aires a partir de 1940. Malia a derrota e a enfermidade que o consumía pouco a pouco, aínda tivo azos para impulsar a creación da Irmandade Galega (1941), para publicar o libro *Sempre en Galiza* (1944) e outras obras como *Os vellos non deben de namorarse* ou *As cruces de pedra na Galiza*, para promover a fundación do *Consello de Galiza* (1944), do que foi o primeiro presidente, para pronunciar discursos históricos como o *Alba de Gloria* (1948), e para defender por todos os medios a aprobación definitiva do Estatuto Galego polas Cortes da República, obxectivo que non chegou a ver realizado plenamente.

Toda a súa vida e a súa obra -depositada na súa maior parte no Museo de Pontevedra pola súa vontade e o empeño persoal de Virxinia Pereira-, constitúen un inmenso legado político e cultural

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

que é preciso administrar e divulgar, facendo que os seus ideais se fagan realidade na Galiza de hoxe.
Temos a obriga de honrar e celebrar a unha das persoas máis senlleiras da historia de Galiza. Temos a obriga de facelo sendo fieis ao seo pensamento, á súa obra e ao seu compromiso político, que constitúen unha unidade indisolúbel. O primeiro presidente de Galiza foi un demócrata íntegro e exemplar. Todo o que fixo e dixo Castelao, ao longo da súa vida e en todos os lugares do mundo nos que estivo, foi esencialmente política ao servizo da nación e do pobo galego. Como deixou dito Virxinia Pereira *"Toda a arte de Castelao, debuxos, conferencias... son esencialmente política*".
Inmediatamente despois da súa morte, o franquismo iniciou a construción dunha versión manipulada de Castelao, enxalzando o creador e o artista xenial, e atacando, ocultando ou minimizando a súa traxectoria e obra política. Continuar con esta visión distorsionada, convertelo nun mito desprovisto de ideoloxía e de compromiso político, utilizalo como estandarte en contra dos ideais que defendeu, constitúe unha fraude histórica e unha negación do legado inmenso que nos deixou.
Cando se veñen de cumprir 80 anos da publicación no exilio de *Sempre en Galiza* e da fundación do *Consello de Galiza*, considerado o primeiro goberno galego, e cando se cumpren 75 anos do seu pasamento en Bos Aires, o grupo municipal do BNG do concello de Ponteceso presenta a seguinte proposta de **ACORDO**:

A Corporación Municipal do concello de Ponteceso acorda:

1. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galiza o recoñecemento de Castelao como primeiro presidente de Galiza, e o Consello de Galiza como o primeiro goberno galego da etapa contemporánea.
2. Apoiar a declaración do 2025 como Ano Castelao.
3. Instar ao goberno municipal a impulsar unha programación municipal propia que poña de relevo a dimensión política de Castelao, o seu compromiso con Galiza, a súa obra artística e literaria, e o seu humanismo e internacionalismo solidario.
4. Dedicarlle á figura de Castelao dentro do presente ano unha rúa ou praza, por exemplo nomear como Paseo de Castelao ao paseo fluvial.

Ponteceso, 30 de xaneiro de 2025/ Asdo.: Fátima Ángeles Rodríguez Gonzálvez/ Voceira Grupo Municipal do BNG"

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:
5df4f2227d0f95d1f6a43e115a84438430528d6ffa1974885a86f08cb6376139

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno do Concello aproba a moción por sete votos a favor (sete: 4 do PSdeG-PSOE e 1 de AxP, 1 do BNG e 1 dAPIN-ESCO), 4 votos do PP en contra e dúas abstencións do PG.

O Pleno do Concello decide parar tres minutos.
A sesión continúa ás 21:26 h.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

## 2.3 Pregos e preguntas

1 O voceiro de APIN-ESCO Di que as persoas que estiveron na última sesión plenaria escoitaron que lle preguntou ao alcalde polos gastos do camión da recollida do lixo e polos gastos do alugueiro e que o alcalde respondeu que ao día seguinte lle pedía ao tesoureiro que lle pasase o informe e que non o recibiu. Di que non é a única vez que pasou iso e que, como o alcalde pasa del, el tamén vai pasar do alcalde.

2O voceiro de APIN-ESCO di que o outro día houbo un accidente no río que pasa ao lado do Faldra Folk e quere que na próxima sesión da Comisión de transparencia analiza cales foron os fallos: o que pasou ou por que chegaron tarde as persoas do GES, é dicir, estudar para que non volva suceder.

3 O voceiro de APIN-ESCO di que o alcalde falou no mes de outubro cunha empresa coa que chegou a un acordo para instalar a iluminación de Nadal por 15.000,00 € e que ao cabo duns días se publicou a licitación por 26.000,00 € e que como a licitación quedou deserta falou cunha empresa coa que acordou o importe de 15.000,00 €. Di que non sabe a cantidade de arcos que puxo a empresa pero que Distrelec, pero que se cobrou 2.855,00 € pola iluminación que instalou en Brantuas durante 5 días e 15.000,00 € polos demais que instalou durante un mes no resto do concello, algo non cadra. Tamén di que esa empresa utilizou o camión do Concello e que se saca unha licitación non se debe utilizar o camión do Concello.

4 O voceiro de APIN-ESCO di que houbo un rei mago estraño que foi repartindo roscón e pregunta que pinta o alcalde repartindo o roscón se son os reis os que reparten o roscón a persoas de 95 anos en adiante e non a todas as persoas desa franxa de idade.

5 A voceira do BNG pregunta polos avances para mellorar o acceso ao parque empresarial de Tella.

6 A voceira do BNG di que todas as persoas poden lembrar que o día antes das eleccións a foto do alcalde no xornal dicindo que xa tiña un acordo coa familia Valdés para os aparcadoiros e os aparcadoiros que son a reclamación histórica do comercio de Ponteceso seguen cheos de fochancas e meterse neles é unha aventura. Pregunta polas previsións para telos listos.

7 A voceira do BNG pregunta por que non está colgada a acta da sesión plenaria do 2 de outubro en Youtube. Di que non sabe se a empresa que leva a comunicación dou algunha explicación ou por que motivo non se chegou a colgar a sesión na que o grupo socialista decidiu abandonar a sesión. Pregunta se é que o alcalde non quere que se vexa iso.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

8 A voceira do BNG prega que cando o alcalde lle teña que anunciar que precisa testemuñas para reunirse con ela llo faga saber antes de chegar aquí e dicirllo porque non lle dixera iso en ningunha ocasión. Pide que non se volva referir en termos persoais cando non está disposto a dicir a que se refire concretamente.

9 O voceiro do PSdeG-PSOE di que os membros do seu grupo están moi preocupados polo retraso do recoñecemento da Lei de dependencia ás persoas que o solicitan por parte da Xunta de Galicia e máis despois de que llo recoñezan que poden tardar polo menos dous anos para chamalos para o recoñecemento aínda ter que esperar seis ou sete meses para que lle concedan as axudas, sexa unha libranza, sexa unha medida de dependencia, unha paga. Di que os membros do seu grupo queren saber cantas persoas teñen tramitado a solicitude de recoñecemento de dependencia no Concello de Ponteceso en concreto e non recibiron a axuda e ese número de persoas, un dato estatístico sen nomes e apelidos, canto tempo leva esperando cada unha desde que se completou a solicitude en Servizos Sociais do Concello ata que recibiron a axuda,

2 O voceiro do PSdeG-PSOE di que estes días se está vendo que hai alumnado que pasou pola escola de cociña do Concello de Ponteceso que está triunfando, incluso a nivel europeo e que o seu grupo cre que é imprescindible recuperar esa actividade tanto en Corme como en Ponteceso. Di que era unha actividade que tiña moitísima aceptación familiar e por parte do alumnado e que, ademais, ensinaba cociña saudable e contribúe ao tema da igualdade e contribúe a afastar o alumnado das pantallas e doutros problemas que teñen. A pregunta é se vai en honor a eses éxitos que produciu a escola de cociña de Ponteceso recuperar esa actividade de cociña e conseguir que volva ao colexio porque a Xunta de Galicia, do PP, botou fóra os nenos de Ponteceso da cociña do colexio Eduardo Pondal, que iso é algo que na miña vida vin un desprezo semellante, darlles unha patada aos nenos cando era unha actividade que se facía fóra do horario escolar e non provocaba ningún trastorno ao servizo de comedor, senón todo o contrario, todas as cousas que se fan, fanse para servizo e o Concello está investindo moitos cartos no mantemento e paga os conserxes do colexio co cal aínda que deixara usar a cociña

3 O voceiro do PSdeG-PSOE di que o alcalde escolleu o criterio de levar o roscón polas casas. Di que é unha iniciativa que tivo o alcalde no Nadal e que escolleu o criterio da idade, polo que queren saber, segundo o Padrón Municipal, cantas persoas hai no concello de Ponteceso que cumprían ese criterio da idade e a cantas persoas visitou o alcalde. Di que hai certa polémica, que houbo xente á que visitou e xente á que non e que o seu grupo quere saber, que é unha cousa testemuñal comparado cos problemas que veñen enumerando neste pleno, pero é un tema que lles interesa saber, se se vai consolidar esa iniciativa porque hai que ter un pouco rama de Nadal e rama de verán no Concello.

4 O voceiro do PSdeG-PSOE di que antes falou de dependencia, un tema moi importante, que tamén é importante a vivenda social e que cre que se levan dous anos perdidos nesta lexislatura,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

neste equipo de goberno co apoio de Adiante, que non teñen unha sola iniciativa para vivenda social. Segue dicindo que na anterior lexislatura se conseguiu con moito esforzo poñer en marcha dúas vivendas sociais no edificio das escolas pero que este ano, malia a que se trouxo a pleno desafectar outras dúas vivendas a maiores das dúas que xa existían, é dicir, que había catro vivendas das que se reformaron dúas, dúas estaban desafectadas e outras dúas a maiores que se aprobaron en pleno. Di que se hai na rúa do centro médico catro vivendas esperando a que o Concello bote man de fondos europeos, bote man ás políticas de vivenda co apoio do Goberno de España, que están transferindo centos e centos de millóns de euros á Xunta para políticas activas para que a xente teña acceso a unha vivenda social, polo que lle prega ao alcalde que tome en serio o problema da vivenda e di que en Ponteceso hai xente que ten problemas para atopar unha vivenda, que non estamos na Coruña nin estamos en Carballo nin en Arteixo nin nunha gran cidade pero que tamén hai problema de vivenda, polo que pregan que se poñan en marcha con este tema, que hai moitos edificios nas aldeas e no centro que se poden habilitar para vivendas sociais, que o seu grupo vai cheo de pedilo e que se levan dous anos perdidos.

5. O voceiro do PSdeG-PSOE di que o seu grupo pide que o Concello se preocupe porque a casa que hai en Corme Aldea da asociación de maiores, que se lle autorice a calquera maior de Corme Aldea acceder á casa, que non se poñan escusas, que se lle peche nin se lle deixe a chave.. Prega que se preocupe o Concello porque esa chave estea dispoñible igual que no resto dos locais das parroquias que están dispoñibles.

O alcalde pregúntalle se está afirmando que dende o Concello se lle poñen pegas á xente para as chaves.

O voceiro do PSdeG-PSOE di que non, que piden que o Concello se preocupe porque ese acceso estea garantido, que se calquera veciño quere ir e non pode, que o Concello se preocupe e diga que non, que como os outros locais de tipo social do Concello vai estar dispoñible para quen teña a chave para conseguir que poida acceder para o seu uso normal non é para facer festas nin cousas raras, festas non de tipo tradicional senón festas nocturnas nin nada diso senón que é para uso dos maiores

6 O voceiro do PSdeG-PSOE di que xa que o alcalde lle dixo ao voceiro de APIN que o concello estaba pagando 3.000,00 € a unha axuda da arquitectura municipal, que utilice que ese servizo que está gastando cartos o Concello para poñer en marcha dunha vez a solución aos afectados do plan xeral, que hai moita xente afectada por cousas que se fixeron mal no plan xeral que están pedindo reiteradamente que haxa unha modificación e que atenda a esas solicitudes e que, xa que o voceiro de APIN sacou o tema de que había esa empresa que mencionou antes que estaba contratada polo Concello e a poña a traballar xa e poña xa en marcha esa atención aos afectados do plan xeral porque está prexudicando que a xente poida comercializar os seus solares, as súas vivendas, construír unha vivenda e que tamén haxa movemento no mercado da vivenda de Ponteceso, que é moi importante. Di que lle están dicindo os temas importantes para Ponteceso

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

para o desenvolvemento de Ponteceso e facilitarlle a vida en Ponteceso e facer casas e poida moverse o mercado inmobiliario.

O alcalde di que contestará aos pregos e ás preguntas na próxima sesión.

Non hai máis asuntos que tratar.

O presidente remata a sesión ás 11:45 h e eu redacto esta acta.

*Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.

CVD: jEL/kMfgUoqLwxgkCN1f Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)